

Lista de espera para realizar unha proba complementaria con prioridade 1

Expediente: I.5.Q/9755/21

Santiago de Compostela, 08 de marzo de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa, o día 28 de novembro de 2021, como consecuencia do escrito de dona D^a XXX referente ao retraso na realización dun HOLTER.

ANTECEDENTES

No seu escrito, a paciente, indicábanos que padece de enfermidade de parkinson e a súa neuróloga indicou a realización dunha proba holter para descartar que os mareos que sufría non tivesen unha orixe cardíaca, motivo polo que solicitou un holter con carácter preferente. Indica tamén que se lle suspendeu a medicación antiparkinsoniana ata a realización da proba motivo polo que sufriu un empeoramento dos seus síntomas.

Ante iso requirimos informe á esa consellería. En dito informe indícase o seguinte:

“Dende o servizo de CardioloXía comunican que a demora na realización da proba (colocación Holter) non é habitual neste tipo de solicitude, polo que consideran que puido haber un erro na tramitación da mesma.

A proba foille realizada á paciente o pasado día 13 de decembro de 2021”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe remitido por esa administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Segundo as “Guías de práctica clínica de la Sociedad Española de Cardiología en la monitorización ambulatoria del electrocardiograma y presión arterial”, Vol. 53. Núm. 1.

páxinas 91-109 (Xaneiro 2000), <https://www.revespcardiol.org/es-guias-practica-clinica-sociedad-espanola-articulo-X030089320009385X>, o Holter é unha proba diagnóstica empregada na valoración dos síntomas que presentan os doentes e que poden ser derivados dun trastorno do ritmo cardíaco, sendo esta a súa primeira indicación e a máis aceptada polos

profesionais sanitarios. No caso que nos ocupa e, segundo o exposto pola promotora da queixa, a médico da doente solicitou esta proba con carácter preferente ao sospeitar unha orixe cardíaca na sintomatoloxía da súa enferma. Se o facultativo estableceu unha prioridade, ao sinalar que a proba tiña carácter de preferente, co obxectivo de establecer un período óptimo para a realización da mesma, a administración sanitaria debe garantir que se respecta a prioridade asignada polo facultativo pois doutro xeito, non tería sentido establecer diferentes niveis de prioridade tal e como reza o artigo 5.2 da Lei galega 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, que establece que, o Servizo galego de Saúde co obxecto de fixar tempos máximos de acceso ás súas prestacións, establecerá un sistema de clasificación en prioridades baseado en aspectos clínicos, funcionais e sociais do paciente, este sistema de prioridades condicionará o tempo de espera para as diferentes consultas e procedementos no ámbito da saúde. Neste caso, clinicamente o facultativo responsable da enferma indicou a realización da proba con carácter preferente, e polo tanto débense de establecer garantías para que esta preferencia se leve a efecto salvaguardando así as indicacións do profesional, garante do benestar da paciente.

Se o servizo de cardioloxía considera que puido haber un erro na tramitación da proba, como se especifica textualmente no informe recibido, o convinte será que, se inicie unha investigación para confirmar se efectivamente se produciron erros na tramitación e cales foron as causas que orixinaron os devanditos erros, co obxecto de poder establecer mecanismos que axuden a mitigar na medida do posible incidentes similares no futuro.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte **suxestión**:

Cando se sospeita que se poden producir “erros na tramitación” de probas complementarias que provocan un incumprimento dos tempos de espera asignados polos facultativos que indican esas probas , o convinte será que, se inicie unha investigación co obxecto de esclarecer as causas dos devanditos “erros”, de xeito que, se poidan adoptar as medidas oportunas para evitar novas incidencias de este tipo, garantindo así en tódolos casos o dereito á protección da saúde consagrado no artigo 43 CE.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación das resolucións formuladas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo